



INFORMACIÓN PROGRAMACIÓN CAMPAMENTO 2017

“Boga Boga - O Mar” será o centro de interese sobre o que xiraran as actividades e propostas a desenvolver durante o campamento. De xeito transversal traballarase a coeducación, educación para a saúde, educación en valores, educación ambiental. As actividades enfocaranse en función das idades, adaptando tanto a súa complexidade como o seu interese as idades as que van destinadas.

A temática do campamento este ano será O Mar, e cada semana realizaranse diversas actividades arredor desta temática, seguindo esta planificación:

Semana 1 - Benvidos a bordo: Presentación dos participantes e ambientación dos espazos “Flotacampa”.

Saída: 7 de xullo: Museo do Mar - Aula Activa

Semana 2 - A tripulación do BarcoMar: obradoiro de nós mariñeiros, de bixutería, xogo da redeira, xincana...

Saída: 14 de xullo: Praia de Tanxil

Semana 3 - Redes, Nasas, Bateas e Rastros : obradoiro de pasta de modelar, gran mural mariñeiro,...

Saída: 21 de xullo: Feira do Libro e Contacontos

Semana 4 - A pesca do BarcoMar: obradoiro de plastilina, acuarelas, olimpiadas mariñeiras,...

Saída: 28 de xullo: Biblioteca

Semana 5 - Mensaxe nunha botella: animación á lectura, obradoiro con gomaespuma, xogos de enigmas, trabalinguas, composicións,...

Saída: 4 de agosto: Paseo Marítimo e Praia

Semana 6 - Somos unha marea de xente: obradoiro de cociña, Lipdub mariñeiro,...

Saída: 11 de agosto: Visita polo Porto

A programación pode sufrir modificacións. En canto as saídas, no caso de choiva, realizarase unha actividade alternativa nas instalacións do Colexio. Tamén se comunicará calquera cambio ou necesidade específica de cada saída.

FESTA FIN DE CAMPAMENTO E ACAMPADA

O 11 de agosto realizarase a Acampada no Pavillón Polideportivo de Taragoña.

O último día de campamento, luns 14 de agosto, realizarase unha actividade lúdico festiva de fin de campamento no Campo de Arriba.